

# ACTA 1. CONSTITUCIÓN TRIBUNAL PARA UN CONTRATO EN PRÁCTICAS NA CATEGORÍA LABORAL OPERADOR-MONTADOR DE VÍDEO EN TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Reúnense no edificio da Compañía de Radio-Televisión de Galicia os membros do tribunal para un proceso de selección para un contrato en prácticas na categoría laboral Operador-montador de vídeo en Televisión de Galicia, S.A.

O tribunal está composto por:

Susana Bello Soto, operadora-montadora de vídeo de TVG (presidenta).  
Marta Gómez Giménez, operadora-montadora de vídeo de TVG.  
Ramón Novo Folgueira, asesor lingüista de TVG.  
Paulino Novo Folgueira, xefe de formación, selección e coordinación lingüística de CRTVG (secretario).

## DEFINICIÓN DE CATEGORÍA LABORAL OPERADOR-MONTADOR DE VÍDEO

Ten coñecementos das técnicas operativas do magnetoscopio e analiza, controla e axusta os sinais de vídeo e de audio.

Realiza a montaxe de todo tipo de programas ou de producións de rexistro de programas de televisión en magnetoscopios. Coñece as técnicas de montaxe e características do soporte para as gravacións.

Opera, explota, conserva e manexa os aparellos electrónicos de axuste e manipulación de toda clase de sinais de vídeo e audio.

Opera, explota, conserva e manexa os equipos eléctricos e electrónicos de telecine e realiza calquera operación principal ou secundaria de montaxe.

## REQUISITOS


Posuír Ciclo Superior de Realización de audiovisuais e espectáculos. O tribunal pode solicitar a acreditación dos requisitos durante este proceso de selección.

Por ser contrato en prácticas, non deberon transcorrer máis de cinco anos desde a obtención do/s título/s requirido/s, seis no caso de minusvalía por riba do 33% (RD Lexislativo 1/1995 modificado por Lei 12/2001, e RD 488/1998, e RD 10/2010).

Os requisitos académicos solicitados deberanse posuír con data non posterior á de remate de inscrición a este proceso de selección.

## PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

Os membros do tribunal comprométese a garantir os principios contitucionais de igualdade, mérito e capacidade, ademais dos de publicidade e transparencia. Igualmente se comprometen a garantir o segredo das probas.



Ramón Novo Folgueira



Os membros do tribunal reciben copia do art. 28.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Os membros do tribunal asinarán declaración de non atoparse incurso en ningún dos motivos previstos de abstención ou recusación unha vez se publique a listaxe de inscritos.

## FUNCIÓNS DO TRIBUNAL

O asesor lingüista encargárase de poñer a proba de coñecemento de lingua galega e de valorala en exclusividade. O secretario non participará na elaboración das probas nin as puntuará. O resto de membros do tribunal encargáranse de poñer as probas de desenvolvemento teórico e práctico, e de puntualas.

Acordan publicar esta convocatoria e as seguintes publicacións do proceso na internet da CRTVG ([www.crtvg.es/crtvg/oficina/emprego-e-practicas/ofertas-emprego](http://www.crtvg.es/crtvg/oficina/emprego-e-practicas/ofertas-emprego)) e na páxina de FP da Xunta de Galicia.

Os/as aspirantes con discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ó 33% deberán facer constar na inscrición se precisan de adaptación de tempo e medios para a realización da proba.

O tribunal garantirá a adaptación que se considere necesaria para a participación nas probas en condicións de igualdade a aspirantes que padezan algunha discapacidade igual ou superior ó 33%, se for o caso.

Os aspirantes deberán cumprir coa normativa vixente respecto ás esixencias para poder traballar en España. Para a presentación a esta proba deberán traer o DNI ou outro documento acreditativo da súa personalidade.

En caso de empate, habendo nesta categoría laboral infrarrepresentación do sexo feminino, seguiranse, por esta orde, os criterios de desempate: 1) A favor da aspirante de sexo feminino. 2) A favor do/a aspirante que tivese maior puntuación na proba práctica. 3) A favor do/a aspirante de maior idade.

Ós aspirantes daráselles unha folla de consentimento voluntario de tratamento de datos.

## PROBAS TEÓRICA E PRÁCTICA

A valoración de coñecementos farase a través de:

- Proba tipo test (40%). Sen penalización por pregunta mal contestada.
- Proba práctica de edición con DVCPRO (60%)
- Proba de lingua galega.

A proba teórica consistirá nun cuestionario tipo test sobre as seguintes materias:

*B2md. No v. →*

*[Handwritten signatures and marks in blue ink]*

- Sinal de cor
- Sinal de vídeo
- Técnicas de edición
- Equipos de medida e control
- Teoría da montaxe
- Son. Conceptos básicos.
- Gravación magnética
- Magnetoscopio

A proba práctica consistirá en manexo dun equipo de edición de DVCPRO.

## PROBA DE COÑECEMENTO DE LINGUA GALEGA

Os aspirantes que acrediten a posesión do certificado CELGA 4 non terán que realizar a proba de coñecementos de lingua galega. A proba de coñecementos de lingua galega terá un grao de dificultade consonte ó programa do certificado CELGA 4, e as súas cualificacións serán unicamente de apto e de non apto. Para ser apto, deberanse responder correctamente o 50% das preguntas. A cualificación de non apto significará a eliminación do proceso.

Se se dese o caso, a posesión do certificado CELGA 4 prevalecerá sobre o resultado obtido na proba.

## INSCRICIÓN

Para a inscrición, os/as aspirantes deberán entregar en Recursos Humanos da CRTVG da súa sede en San Marcos ou enviar ó enderezo [proceso.seleccion@crtvg.es](mailto:proceso.seleccion@crtvg.es) un *curriculum vitae* indicando que é para esta proba e facendo constar, se se posúen, o requisito académico, coa data da súa obtención, e o certificado CELGA 4. O período de inscrición remata o 27 de xuño de 2013, ás 12:00 h.

## PROBA

Á proba poderanse presentar os/as aspirantes que figuren na listaxe definitiva de admitidos.

A proba será o venres 5 de xullo de 2013, na sede da CRTVG en San Marcos, Santiago, ás 10:00 h. Os aspirantes deberán estar a esta hora na entrada das instalacións da CRTVG.

## ACCESO AO POSTO DE TRABAJO

O/a aspirante seleccionado/a deberá presentar no momento da sinatura de contrato a acreditación dos requisitos esixidos, con copia compulsada dos títulos ou certificados académicos, e informe de vida laboral.

O/a aspirante deberá posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que se deriven do correspondente contrato laboral. Só para estes efectos, a Compañía de Radio-Televisión de Galicia poderá esixir ó aspirante seleccionado someterse a recoñecemento médico realizado polo servizo médico da empresa.

#### ASISTENCIA ADMINISTRATIVA

Esta proba terá asistencia administrativa de María del Coral Gracia Oria, oficial administrativa do Servizo de Formación, Selección e Coordinación lingüística, sen que forme parte do tribunal.

En Santiago de Compostela, a 17 de xuño de 2013.

Susana Bello Soto

Marta Gómez Giménez

Paulino Novo Folgueira

Ramón Novo Folgueira